

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3.^a, ECONOMÍA,
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 17.03.2017 Hora: 10:30

A Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 17 de marzo de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión

- 1.1 2768 (10/POC-000392)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre os problemas das persoas usuarias de servizos bancarios afectados pola Sentenza das cláusulas chan
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017
- 1.2 3061 (10/POC-000490)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas sentenzas ditadas polo Tribunal Supremo en decembro de 2016 referidas ás taxas municipais por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017
- 1.3 3065 (10/POC-000491)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da información referida ao custo real para o erario público da venda anticipada de Novagalicia Banco e a asunción polo FROB da responsabilidade derivada das reclamacións referidas á comercialización de préstamos hipotecarios coa inclusión de cláusulas chan
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49, do 20.01.2017
- 1.4 5700 (10/POC-000991)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as perdas e deficiencias sinaladas polo Consello de Contas de Galicia na súa fiscalización das actividades do Igape
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017

- 1.5 5890 (10/POC-001031)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da posible consolidación ao longo do ano do incremento do índice de prezos ao consumo acadado nos dous primeiros meses de 2017, os efectos que vai ter na renda das persoas, no cadro macroeconómico e nas previsións orzamentarias, así como as medidas que vai adoptar para compensar as desviacións e combater as causas especulativas dese incremento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017

Punto 2. Dación de conta

- 2.1 1284 (10/MOP-000002)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de outubro de 2016
Publicación, BOPG n.º 18, do 23.11.2016
- 2.2 2392 (10/MOP-000003)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de novembro de 2016
- 2.3 1001 (10/IIGA-000001)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Información sobre a situación das operacións de crédito e préstamo e os avais vixentes a 30 de setembro de 2016
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.11.2016
- 2.4 4921 (10/IIGA-000002)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Información sobre a situación das operacións de crédito e préstamo e información sobre os avais vixentes a 31 de decembro de 2016, concedidos polo IGAPE
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 71, do 22.02.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2017

Abel Fermín Losada Álvarez

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 3.^a, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez

S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Secretario

Gonzalo Trenor López

P

Vogais

José González Vázquez

P

José Manuel Lago Peñas

EM

María Guadalupe Murillo Solís

P

Paula Prado del Río

P

Noa Presas Bergantiños

BNG

Pedro Puy Fraga

P

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

S

Antón Sánchez García

EM

Sandra Vázquez Domínguez

P

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 2768(10/POC-000392)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre os problemas das persoas usuarias de servizos bancarios
afectados pola Sentenza das cláusulas chan

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017



Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

O Tribunal Supremo ditou o día 9 de maio de 2013 que as cláusulas chan, un límite que incluían os bancos para impedir que o interese das hipotecas baixase dunha determinada porcentaxe, eran abusivas e, por tanto, nulas. Nunha decisión que xa sorprendeu a moita xente, reinterpretou a lei para non danar a solvencia da banca e decidiu que os seus efectos non terían carácter retroactivo.

É dicir, para un hipotecado con esta cláusula, e que tivese asinado o contrato en 2010, o fallo español só lle permitía recuperar o que pagara de máis a partir do día en que o Tribunal Supremo ditou a controvertida sentenza. Pero agora, en decembro do 2016, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea ten cuestionado a decisión do Supremo español cun fallo histórico. Se unha cláusula é nula, o é para todos os efectos, con plena retroactividade.

De acordo con esta sentenza, e segundo cálculos do Banco de España, a banca española deberá desembolsar agora uns 4.000 millóns de euros, isto significa en torno aos 200 millóns de euros en Galicia. Aproximadamente cada afectado/a galego/a poderá recuperar entre 8.000 e 8.500 euros.

A Asociación Galega de Consumidores e Usuarios calcula que os potenciais persoas beneficiarias en Galicia oscilan entre 50.000 e 70.000 persoas, que poderán interpor agora unha reclamación nas súas entidades ou expor unha demanda xudicial.

Os que chegaron a un acordo extraxudicial tras a sentenza do Supremo non poderán facelo se, coa firma do consentimento, renunciaron a emprender futuras accións legais. Neses casos os bancos piden que a persoa usuaria se dea por resarcido completamente, sen posibilidade de reclamacións



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

posteriores, para algúns expertos, este tipo de acordos tamén poderían ser abusivos.

O que falla o Tribunal Europeo é que o Supremo non pode decidir de maneira arbitraria desde cando aplicar a retroactividade dunha cláusula nula porque vulnera as propias leis españolas, xa que se opón a unha xurisprudencia nacional que limita no tempo os efectos restitutorios vinculados á declaración do carácter abusivo.

Unha vez máis a banca, gañou no xogo, os expertos de Analistas Financeiros Internacionais (AFI) estiman que os bancos cobraron 4.474 millóns de máis aos seus clientes coas cláusulas chan desde antes de 2013 (sobre todo a partir de 2010); e en aplicación de todas as cláusulas, incluídas as posteriores a 2013, os bancos percibiron máis de 9.700 millóns de euros que, segundo os tribunais, non lles correspondían.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É coñecedora a Xunta de Galicia dos problemas que afectan a aquelas persoas usuarias de servizos bancarios afectados pola sentenza sobre as cláusulas chan?
2. Ten avaliado o número de afectados e afectadas e o volume de fondos cobrados ilegalmente?
3. Ten establecido contactos coas entidades bancarias para garantir os dereitos das persoas afectadas pola sentenza?
4. Ten definido coas entidades bancarias unha estratexia para minimizar as molestias o os gastos necesarios para recuperar os fondos cobrados ilegalmente polas entidades bancarias?

Pazo do Parlamento, 30 de decembro de 2016

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2016 12:32
Nº Rexistro: 2768
Data envío: 30/12/2016 12:32:30.036



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Abel Fermín Losada Álvarez na data 30/12/2016 12:25:55

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/12/2016 12:26:03

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 3061(10/POC-000490)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas sentenzas ditadas polo Tribunal Supremo en decembro de 2016 referidas ás taxas municipais por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local

Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**, relativa a medidas tributarias en relación coa utilización do dominio público.

Primeiro.- O pasado mes de decembro o Tribunal Supremo ditou varias sentenzas relativas ás taxas municipais por utilización (aproveitamento especial) do dominio público, varias delas referidas ao concello de Arteixo (sentenzas de 21 de decembro de 2016).

En ditas sentenzas o Supremo confirma e valida as ordenanzas municipais que determinan que para a determinación da taxa (en relación coa utilidade do aproveitamento especial ou uso privativo do dominio público) é axeitado e apropiado tomar como referencia o valor catastral do solo con construción, ao considerar o TS que a efectos catastrais poden reputarse como tales as instalacións industriais, e dentro delas as liñas aéreas eléctricas, as conducións de gas, telecomunicacións e similares.

Consecuencia do cal é o axuste a legalidade de Ordenanzas fiscais que como a do propio concello de Arteixo toman como referencia para a aplicación do tipo de gravame unha base impoñible resultado de aplicar o valor do aproveitamento en función do valor unitario (solo+construción) e ao que se aplica o coeficiente RM e o coeficiente de equivalencia por tipo de terreo; e todo elo diferenciado para cada grupo de conducións, canalizacións e tendidos.



A doutrina xurisprudencial antes definida suporía unha maior capacidade de recadación para os concellos e outras entidades locais, ao amparar que mediante a Ordenanza fiscal correspondente se implante ou modifique a determinación da cota tributaria en función de dita doutrina, para o cal sería desexable que desde este Parlamento se instase da FEGAMP a elaboración, dunha Ordenanza-tipo (co estudo económico-financeiro respectivo) para serlles remitida ás entidades locais; elaboración na que podería participar a propia Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Administración Local.

Segundo.- Aínda que a doutrina contida na mencionada Xurisprudencia refírese á imposición local, é perfectamente extensible á autonómica, en tanto en canto a natureza do feito imponible (a utilización privativa/aproveitamento especial do dominio público) é a mesma.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia determina que como principio de equivalencia para a determinación da cuantía da taxa por ocupación ou aproveitamento especial *“tomarase como referencia o valor de mercado correspondente ou o da utilidade derivada daquela”*.

No Anexo V, apartado 5. 02 determínase a cota tributaria, resultado de aplicar o tipo de gravame do 50% a unha Base imponible que se obtén da aplicación da seguinte fórmula:

$$B_i = L \cdot \left(B_s + \frac{B_e}{n} \right) \cdot C_d \cdot C_u \cdot C_e$$

Onde :

- L : lonxitude (en m) o servizo que discorre polo DPV
- Bs : base sectorial, en función do tipo de actividade :
Distribución electricidade en AT : 2,45 €/m
Transporte de electricidade AT : 4,94 €/m



Distribución de hidrocarburos : 1,58 €/m (6,97 €/m ata o 2013)

Transporte de hidrocarburos : 18,57 €/m

Telefonía e telecomunicacións : 2,91 €/m (4,11 €/m ata o 2013)

Abastecemento de auga : 1,61 €/m

Saneamento : 4,07 €/m

- Ba : base adicional (de executar servizos a través de canalizacións da Xunta)
- n : número de suxeitos pasivos diferentes que empregan a mesma canalización
- Cd : coeficiente de densidade de poboación
- Cu : coeficiente pola situación urbanística do solo (1,00 urbanizada; 0,75, rural)
- Ce : coeficiente pola clasificación da estrada (entre 0,60 e 1,20).

Criterios de determinación da taxa que, con independencia do tipo de gravame e resultado da cota tributaria, son distintos dos catastrais (incluídos o valor das construcións/instalacións) que o TS considera axeitados para a determinación da utilidade do aproveitamento do DPV e que a criterio deste Grupo parlamentar xustifica a necesidade de que por parte da ATRIGA se elabore un ditame no que, á vista da doutrina xurisprudencial, se poida concluír sobre a procedencia de revisar o procedemento de cálculo da taxa autonómica contida no Anexo V da Lei 6/2003.

Por outra banda, o notable, sistemático e progresivo descenso da previsión orzamentaria de ingresos por dita taxa por aproveitamento especial do DPV no orzamento da Axencia Galega de Infraestruturas (AGI) é significativa :



2013	2.695.000 €
2014	1.600.000 €
2015	1.452.309 €
2016	700.000 €
2017(p)	568.210 €

Descenso acusado das previsións orzamentarias que aínda tendo en conta a redución da base impoñible para determinadas instalacións acordada no 2013, resulta dificilmente explicable, mais tendo en conta que os DRN (dereito recoñecidos netos) da partida 3040502 (aproveitamento especial DPV- Axencia Galega de Infraestruturas) foi de 1.078.411,82 € no exercicio 2015.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

1.- Qué actuacións ten previstas a Xunta de Galicia ante a doutrina xurisprudencial contida nas sentenzas de decembro de 2016 en relación utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos e a súa aplicación á determinación e cálculo da “Taxa por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia” contida na Lei 6/2003, do 9 de decembro?

2.- Ten previsto coordinar coa FEGAMP á elaboración, en coordinación e apoio da administración autonómica, e á vista da doutrina do Tribunal Supremo, dunha Ordenanza-tipo (co estudo económico-financeiro correspondente) referida á taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2017 12:56
Nº Rexistro: 3061
Data envío: 09/01/2017 12:56:50.892



instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, auga,
hidrocarburos e outras?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 09/01/2017 12:56:06

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 3065(10/POC-000491)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da información referida ao custo real para o erario público da venda anticipada de Novagalicia Banco e a asunción polo FROB da responsabilidade derivada das reclamacións referidas á comercialización de préstamos hipotecarios coa inclusión de cláusulas chan

Publicación da iniciativa, 49, 20.01.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2017 13:05
Nº Rexistro: 3065
Data envío: 09/01/2017 13:05:36.736

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á asunción por parte do FROB das contías das cláusulas solo.

A privatización de Novagalicia Banco (NCG) rematou en decembro de 2013, a pesares de que existía prazo ate o 2017 para levar a cabo o proceso. Despois de destinarse 8.981 millóns de euros para o seu saneamento, Novagalicia Banco foi vendida a Banesco por 1.003 millóns de Euros.

O FROB recoñeceu que a venda ocasionaba unhas perdas para o Estado de máis de 8.000 millóns. Porén, á hora de facer este cálculo, o FROB infravalorou o custo das coberturas públicas das que se beneficiou o comprador. O FROB, no momento da venda, recoñeceu as seguintes coberturas públicas:

- Por axustes do prezo dos activos traspasados ao SAREB.
- Polas cantidades derivadas polos litixios abertos por compañías de seguros.
- Pola responsabilidade na comercialización das participacións preferentes e obrigas subordinadas.
- Pola responsabilidade pola comercialización de préstamos hipotecarios con cláusulas chan a partir do ano 2008.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2017 13:05
Nº Rexistro: 3065
Data envío: 09/01/2017 13:05:36.736

-Pola responsabilidade de contratos de cobertura de tipos de xuro nas hipotecas.

Despois da sentenza do Tribunal de Xustiza da UE que declara abusivas as cláusulas solo nas hipotecas e obriga á banca a devolver estas contías, no caso de Abanca, o FROB vai a ter que asumir o 85% destas contías que se devolverán, nos préstamos que se concedesen a partires de outubro do 2008. Concretamente, no documento de condicións da venta de NCG recollese do seguinte xeito:

"Os contratos de compravenda co FROB e o FDG recollen determinados compromisos en favor de NCG, que foron tidos en conta polos posíbeis compradores á hora de elaborar a oferta. En concreto, o FROB comprométese a compensar nun 85% das contías ás que NCG Banco deba facer fronte como consecuencia de:

(...) - A responsabilidade de NCG Banco derivada das reclamacións relativas á comercialización de préstamos hipotecarios coa inclusión de cláusulas solo, concedidos a partir de outubro de 2008."

Malia non dispoñer de datos proporcionados por Abanca sobre a contía exacta a devolver, existen estimacións que cuantifican o custo para as arcas públicas de entre 500 e 700 millóns de euros.

En 2015, sen o apoio dos créditos fiscais, os beneficios de Abanca ascenderon a 330 millóns de euros. Con todo, o saneamento realizado con recursos públicos fai que Abanca teña hoxe unha rendibilidade do 8,17% fronte ao 5% do sector.

Porén, doutra banda, está sen aclarar en toda a súa magnitude cal foi o custo real para o erario público da decisión de vender anticipadamente Novagalicia Banco, mais en calquera caso, como o Grupo Parlamentar do BNG ten denunciado, foi unha venta a perdas que non permitiu recuperar un só euro do diñeiro destinado ao seu saneamento e significou un custo adicional para o Estado. O feito de que o FROB afronte a



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2017 13:05
Nº Rexistro: 3065
Data envío: 09/01/2017 13:05:36.736

responsabilidade derivada da sentenza do Tribunal de Xustiza da UE incrementa o custo de dita venda para o sector público, un custo sobre o que existen numerosas incógnitas que son necesarias despexar.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Coñece a Xunta de Galiza o custe real para o erario público de vender anticipadamente Novagalicia Banco?

-Ten previsto a Xunta de Galiza demandar do Goberno do Estado a información necesaria para establecer o custe real da venda de Novagalicia Banco?

-Coñece a Xunta de Galiza o custe real para o erario público do feito de que o FROB asuma as contías por mor da responsabilidade de NCG Banco derivada das reclamacións relativas á comercialización de préstamos hipotecarios coa inclusión de cláusulas solo, concedidos a partir de outubro de 2008?

-Ten previsto a Xunta de Galiza demandar do Goberno do Estado a información necesaria para coñecer o custe total para o erario público derivado de que o FROB asuma as contías por mor da responsabilidade de NCG Banco após a sentenza europea que declara abusivas as cláusulas solo?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2017 13:05
Nº Rexistro: 3065
Data envío: 09/01/2017 13:05:36.736

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2017 13:04:23

Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2017 13:04:28

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/01/2017 13:04:32

María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2017 13:04:36

Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2017 13:04:41

Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2017 13:04:45

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 5700(10/POC-000991)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as perdas e deficiencias sinaladas polo Consello de Contas de Galicia na súa fiscalización das actividades do Igape

Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:17
Nº Rexistro: 5700
Data envío: 27/02/2017 11:17:33.637

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás perdas e deficiencias sinaladas polo Consello de Contas na súa fiscalización ás actividades do Igape.

O Consello de Contas fiscalizou as actividades recentes do Igape a través do “Informe do Igape, en particular das axudas en forma de aval. Exercicios 2011-2013”. Neste informe, o Consello acha numerosas deficiencias tanto na súa estrutura como na súa actuación, e que repercutiron en fortes perdas dos instrumentos de apoio financeiro que impulsa o Igape.

Con respecto á súa estrutura e organización, o Informe sinala que o incremento das operacións financeiras por parte do Igape non veu acompañado dunha modificación da súa estrutura organizativa para adaptala ao crecente peso destas novas modalidades de axuda. Así, concéntrase nunha única unidade a xestión dos préstamos e avais. Esta unidade conta cunha porcentaxe escasa dos recursos humanos do ente a pesares de que na súa actividade se comprometen máis da metade dos recursos xestionados polo Instituto. O Informe conclúe que “todos estes factores non axudaron a aliviar as importantes perdas xeradas, nun contexto de forte crise económica, polos mecanismos de apoio financeiro empregados polo Igape”.

O Informe especifica esas importantes perdas do Instituto. No que respecta ás participacións en capital, nomeadamente a través de fondos achegados ás entidades de

capital risco -que a finais de 2015 ascendían a 183,4 millóns- as perdas representaban o 59% (108,8 millóns), como consecuencia das insolvencias e deterioros nos investimentos realizados polos fondos participados.

No que ten a ver cos préstamos, evidénciase un alto grao de morosidade. Nos préstamos vencidos os dereitos pendentes de cobro por principal e xuros cunha antigüidade superior a un ano era a finais de 2015 de 42,2 millóns respecto a uns vencementos totais de 70,4 millóns, é dicir, a morosidade ascendía ao 60%.

No que atinxe aos avais, dende que se iniciou o programa de avais no 1994 e ata o 2015, a Xunta tivo que facer fronte a 82 millóns por avais falidos, o que representa un 12% do total formalizado. Sobre o risco vivo por avais financeiros, a 31 de decembro do 2015 ascendía a 115 millóns, estando o 47% dese importe (55 millóns de euros) en risco de resultar falido, ben por ter sido reclamado o seu pagamento polas entidades financeiras ben por existir un alto risco de reclamación.

O Informe detalla numerosas deficiencias na xestión do Instituto nomeadamente no que ten a ver coa concesión de avais. A continuación sinalamos os máis salientábeis:

- A normativa de referencia na tramitación dos expedientes de concesión de avais amparou o outorgamento de axudas en forma de garantía sen a observación de todos os parámetros previstos na Comunicación da Comisión 2008/C155/02 e constitúe un marco regulatorio insuficiente para resolver situacións que se suscitan máis de 20 anos despois da súa promulgación e non está adaptada ao Dereito da Unión Europea.
- Nos avais concedidos as PEMEs, cumpriuse o requisito da previa autorización pola CDXGAE que declarou a operación de especial interese socioeconómico para Galiza, pero sen expresar as razóns que xustificaron a dita declaración.

- Durante os exercicios fiscalizados non se tramitou ningún aval ao abeiro das bases reguladoras das axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise aprobadas mediante Resolución do 26.12.2005.

- Nalgúns dos expedientes revisados, advertiuse que a valoración da situación financeira das empresas aos efectos de considerala en crise non tivo en conta todos os parámetros establecidos na Comunicación 2004/C244/02, feito que determinou que non se motivasen na tramitación deses expedientes a aplicación ou non das limitacións máis restritivas establecidas para as axudas que se conceden a este tipo de empresas.

- Consello de Contas tamén sinala que “a ausencia de resposta á petición de información sobre outros apoios económicos así como sobre o grao de cumprimento das empresas, impediu alcanzar o obxectivo de cuantificar os apoios globais concedidos a cada empresa así como avaliar o grao de cumprimento das obrigas contraídas co Igape por parte das empresas avaladas”. A volta a sinalar a ausencia de información como causante de non coñecer cales son os motivos que impediron o resarcimento das cantidades desemborsadas no relativo ao avais falidos.

- Con respecto ás comisións de avais, con respecto ao cumprimento da obriga de pagamento das comisións de avais, observouse unha demora xeneralizada no pagamento das comisións, agás na primeira anualidade que se aboa no momento de formalizarse o aval. O Consello de Contas tamén observou que as comisións pendentes correspondentes a empresas que entraron en concurso de acredores non foron reclamadas, nalgúns casos, no marco do proceso concursal.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:17
Nº Rexistro: 5700
Data envío: 27/02/2017 11:17:33.637

- En relación coas garantías, a análise efectuada revelou a admisión polo Igape de garantías reais cuxa consistencia resulta cuestionábel (hipotecas en segundo e terceiro rango, marcas e concesións administrativas).

Ante estas deficiencias, o Consello de Conta propón no informe unha serie de recomendacións de cara a corrixilas, como pode ser a adopción dunha nova regulación en materia de avais, unha avaliación máis precisa do risco que se asume coas operacións que se van garantir, esixir o pagamento das comisións con carácter anticipado e dunha soa vez, no momento da formalización dos avais, mías, precaucións nas garantías, etc.

Por todo isto, fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Que valoración realiza a Xunta de Galiza das importantes perdas rexistradas a través dos instrumentos de apoio financeiro do Igape?

-Ten adoptado a Xunta de Galiza algunha medida para evitar que os instrumentos de apoio financeiro do Igape incorran nas actuais perdas?

-Que valoración realiza a Xunta de Galiza das deficiencias sinaladas na estrutura e xestión do Igape sinaladas no “Informe do Igape. En particular das axudas en forma de aval. Exercicios 2011-2013”, realizado polo Consello de Contas?

-Ten adoptado ou vai a adoptar a Xunta de Galiza algunha medida para corrixir as deficiencias sinaladas?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:17
Nº Rexistro: 5700
Data envío: 27/02/2017 11:17:33.637

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/02/2017 11:15:52

María Montserrat Prado Cores na data 27/02/2017 11:15:57

Ana Pontón Mondelo na data 27/02/2017 11:15:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/02/2017 11:16:01

Olalla Rodil Fernández na data 27/02/2017 11:16:03

Xosé Luis Bará Torres na data 27/02/2017 11:16:04

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 5890(10/POC-001031)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da posible consolidación ao longo do ano do incremento do índice de prezos ao consumo acadado nos dous primeiros meses de 2017, os efectos que vai ter na renda das persoas, no cadro macroeconómico e nas previsións orzamentarias, así como as medidas que vai adoptar para compensar as desviacións e combater as causas especulativas dese incremento

Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Por segundo mes consecutivo, en febreiro o Índice de Prezos ao Consumo (IPC) reflicte que a inflación situase no 3%, moi por riba, tanto do nivel de prezos de 2016 e, sobre todo, das previsións de inflación sobre as que se tomaran decisións económicas moi relevantes, tanto no cadro macroeconómico da economía galega, como nos orzamentos, así como no incremento de rendas da maioría das persoas.

Polo anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1.ª) O Goberno galego considera este abrupto incremento dos prezos un fenómeno conxuntural ou unha situación que se vai consolidar ao longo do ano?
- 2.ª) Que efectos vai ter sobre a renda das persoas?
- 3.ª) Como afecta ao cadro macroeconómico e ás previsións orzamentarias?
- 4.ª) Que vai facer para compensar as desviacións?
- 5.ª) Que vai facer para combater as causas especulativas do incremento dos prezos?

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Antón Sánchez García

Deputado do GP de En Marea



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 16:46
Nº Rexistro: 5890
Data envío: 01/03/2017 16:46:52.112

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 01/03/2017 16:45:56

Antón Sánchez García na data 01/03/2017 16:46:13

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2. Dación de conta

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 1284(10/MOP-000002)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de outubro de 2016

Publicación, 18, 23.11.2016

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 2392(10/MOP-000003)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de
novembro de 2016

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 1001(10/IIGA-000001)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Información sobre a situación das operacións de crédito e
préstamo e os avais vixentes a 30 de setembro de 2016

Publicación da iniciativa, 15, 16.11.2016

Reunión da Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 17.03.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 4921(10/IIGA-000002)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Información sobre a situación das operación de crédito e préstamo e información sobre os avais vixentes a 31 de decembro de 2016, concedidos polo IGAPE

Publicación da iniciativa, 71, 22.02.2017